



RÉCORDS

60 MINUTOS EN AUGA XEADA!

O moscovita Karim Diab (coa palabra PAZ escrita na fronte) intenta entrar no Libro Guinness dos Récores permanecendo nada menos que 60 minutos sen moverse na auga xeada do Río de Moscú. Dado o perigoso do seu propósito, o seu adestrador persoal, Vladimir Grebvenko, controlaba cada minuto as súas constantes.



EN FORMA COA BICICLETA

Paddy Doyle, un antigo paracaidista do Exército británico, someteuse recentemente a 20 horas de duro exercicio par bater un novo récord e converterse no home máis «en forma» do planeta. Para iso, alcanzou 180 km/h pedaleado sobre a bicicleta.



47 SURFEIROS INUNHA SOA TÁBOA!

A Gold Coast de Australia agasallounos, o pasado 5 de marzal, cun curioso récord mundial: 47 persoas surfeando na mesma táboa! Bateron dous récords á vez: a táboa máis longa do mundo de 12,19 metros, e o grupo máis numeroso en subir nunha destas pranchas.

O PURO MÁIS GRANDE

O puro máis grande do mundo fixérono os xefes dunha tabacaleira de Valencia (España). O puro ten as seguintes dimensións: 3 metros e medio de largo e 15 cm. de diámetro. A elaboración desta peza levou ata 5 horas e contou coa axuda de expertos cubanos na materia. Calquera se atreve a acendelo.

ABRAIANTE!!!

- Unha pedra do tamaño dun chícharo que se mova a 5 Km por segundo podería facer anacos a un satélite de máis de 1000 Kg.
- Os estímulos nerviosos dentro do cerebro transmitense a unha velocidade que supera os 400 km/h.
- O consumo medio de auga por habitante en EEUU é case de uns 2000 metros cúbicos, mentres que en Níger é de 41.
- Os estadounidenses comen en conxunto un promedio de 7.5 hectáreas de pizza por día.

Despois de realizar diversas probas, un equipo de científicos de Moscova seleccionou uns cincocentos caracois procedentes de Xeorxia para envialos á Estación Espacial Internacional e probar os efectos da ingravidez.